



Por San Cibrán a castaña na man.

Íbostregos por San Xoán, as castañas pagarán.

Entre maio, setembro e abril. As castañas fan rir.

Castañas, noces e viño fan ledicias do San Martiño.

Castañas no Nadal saben ben e parten mal.

Faíe das castañas asadas, que se estropan, saíranche á casa.



O NOSO MAGOSTO

O Magosto é unha festa de orixe pagán, que logo foi cristianizada e, como todas as festas de carácter agrario, pode situarse na prehistoria, cando o ser humano vai adquirindo consciencia individual e social. É unha festividade relacionada co culto á fecundi-

dade; de aí e a súa relación directa co lume, representando ao sol, deus fecundador da terra.

Trátase tamén dunha comida comunitaria e ritual, que reforza vencellos no mundo rural galego; ten carácter alegre e de acción de grazas polos froitos recollidos, así coma unha ho-

menaxe aos castiñeiros e ás castañas.

O magosto, hoxe en día, faise na eira da casa, nas adegas, nas lareiras das cocinas, pero segue a tradición de facerse no monte ou nun escampado no que o lume non poda facer mal. Iníciase a andaina camiño do monte, atopando a outras familias ou amigos,

búscase o lugar apropiado e frouma, palla e acios que estean a madurar.

Acéndese o lume, picanse as castañas para que non estoupen e espérase a que fiquen as brasas para espaxerex por elas as castañas.



O noso magosto

O venres 9 de novembro, celebramos o magosto no colexio.

Na nosa clase, fabricamos un recipiente para gardar as castañas a partires dun brik de leite decorado e cun cartón atado. Foi un día moi divertido no que comemos castañas e xogamos a diferentes xogos con elas. As castañas parecía que se cocíñaran nunha especie de parrilla que estaba fóra. Estaban moi quentes. Foi divertido pelar e comer castañas cos meus amigos. Despois fomos xogar aos xogos coas castañas ás pistas de cemento. Cada curso participaba nun xogo diferente. O noso xogo consistía no seguinte: tiñas que levar cunha raqueta un vaso boca abaixo sobre o que estaba colocado unha castaña, para o xogo tiñamos que ter moito equilibrio e tamén concentrarnos moito. Ao final o noso grupo foi o gañador. Foi un día moi divertido, cheo de sorpresas e moi emocionante no que se respirou durante todo o día un ambiente tradicional.



BERGIO REY BLANCO 5º C

A castaña do ourizo

Había unha vez unha castaña que estaba moi aburrida no seu ourizo. De súpeto un forte vento soprou e soprou. Entón caeu.

Estaba moi contenta e foi a cidade. Era o Magosto. Ao vela todos foron a por ela menos un neno que a colleu e levouna ao bosque. Entón dixolle:

- É o magosto. Ten coidado porque o mago Xoán deixounos sen castañas.

- Co...como? Dixo a castaña. Irei e salvareivos!
- E así foi. A castaña colleu o seu ourizo e alá foi. Cruzou ríos, mares, montañas e desertos, prados e volcáns.... Seis meses despois...
- Por fin! Dixo a castaña. Descansarei un pouco. O castelo era enorme. Tiña oitenta torres e unha enorme porta. Colleu o ourizo e petou nela.
- Toc, Toc. Hai alguén?
- Sií, dixu unha voz moi aguda e fría. Entra!
- Vále dixu a castaña abrindo a porta. Lanzoulle o ourizo á cara e deulle ao botón que poñía "CASTAÑAS". Volveu á cidade e houbo castañas para todos.



ANTON PÉREZ 5º C

A historia dunha castaña

Había unha vez unha castaña que estaba moi aburrida no seu ourizo. De súpeto, un forte vento soprou e soprou. Entón ela foi parar ao fondo dun río. Toda asustada preguntábase onde estaba. A corrente levouna ata a orilla dunha praia, unha gaivota colleuna pensando que era comida, pero o vento quitoulla. Viaxando e viaxando co vento, no aire chocou contra unha árbore e caeu ao chan. ¡Que medo tiña!.

A castaña tremendo de medo, notou que o seu ourizo abriase. Entón saíu fóra. ¡Cantos animais!, dixu. A castaña descubriu que era mellor estar fóra e facendo amigos, e estar todo o día dentro do ourizo e aburrirse. Días nenas vírona e levaronla para a súa casa. O vento volveuna e foi parar a un colexio. Alí pensou - ¡Cantos rapaces! Entón pensou que si se acercara máis daríanlle comida. Pero non foi así. Como eles ían celebrar o magosto, collérona e asírona coas demais castañas. A castaña morrera, claro, pero dixo que quen a comeu foi feliz para sempre.



ANA BERNÁRDEZ 5º A